

PREGUNTAS E RESPOSTAS MÁIS IMPORTANTES EN RELACIÓN COA CONVOCATORIA DO CONCURSO-OPOSICIÓN PARA O ANO 2008

(Inclúense a continuación unha serie de preguntas e respostas clasificadas por temas para a súa mellor localización e manexo)

PARTICIPACION NO PROCEDIMENTO SELECTIVO

Como participar no procedemento selectivo?

No presente procedemento é obrigatoria a participación a través do enderezo web www.edu.xunta.es/oposicions. Para acceder só debe introducir o seu DNI, unha vez dentro da aplicación, poderá atopar todas as instrucións para o seu manexo na páxina de inicio

Lembre entregar toda a documentación en rexistros en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

En canto ás consultas relacionadas con calquera incidencia sobre o proceso selectivo, os solicitantes deberán poñerse en contacto coa Unidade de Atención a Centros chamando ao número [902905445](tel:902905445) ou mediante o correo electrónico uac@edu.xunta.es. O persoal da Unidade de Atención a Centros resolverá as súas dúbidas ou recollerá a incidencia para que sexa contestada polo persoal dos servizos de profesorado de infantil e primaria ou de secundaria.

Que documentación se debe entegar para realizar a matrícula?

- Instancia (solicitud e baremo) una vez cuberta, pechada e imprimida correctamente.
- Xustificante de aboamento de taxas.
- Solicitud de informe substitutivo da parte B.2 da proba, de ser o caso.
- **Non será necesario xustificar aqueles méritos que estean incluídos no baremo proposto pola Consellería e sexan aceptados por vostede.**
Cando vostede non estea conforme co baremo proposto ou desexe engadir novos méritos deberá presentar os documentos acreditativos dos mesmos, debidamente cotexados. No caso de que realice algunha alegación deberá aportar, igualmente todos os documentos xustificativos, debidamente cotexados, das mesmas.

Como se efectúa o pagamento de taxas?

O impreso para o pagamento das taxas xenérase dende a propia aplicación xunto coa instancia. Deberán imprimilo e proceder ao seu pagamento nas entidades bancarias establecidas. Tamén poderá efectuarse pola internet no enderezo: <http://www.cixtec.es/conselleria/ga/ser/pago/pago.htm>. Neste caso deberán imprimir o xustificante ao efectualo o pagamento.

REQUISITOS DE TITULACIÓN DOS SOLICITANTES

Para reunir o requisito de titulación é preciso ter aboado os dereitos de expedición do título ou é suficiente con ter superado tódalas materias que configuran o plan de estudos?

De conformidade coa base común segunda da Orde de convocatoria calquera das oposicións é válida é preciso estar en posesión do título ou ter satisfeitos os dereitos de expedición do mesmo.

Os que posúan o título de profesor expedido ó amparo do Real Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, poden presentarse ó concurso-oposición para ingreso no corpo de profesores de música e artes escénicas, soamente na especialidade correspondente ao instrumento do título ou posúen o requisito para todas as especialidades?.

De conformidade coa base común 2.2.3 da Orde de convocatoria o título de profesor (grao medio) do plan de estudos de 1966 habilita para presentarse en tódalas especialidades do corpo de profesores de música e artes escénicas.

Esta habilitación non se produce co título de grao medio do plan de estudos da LOXSE.

En que prazo deben reunirse os requisitos xerais e mailos requisitos específicos para cada caso?

Deberán posuírse no día no que remate o prazo de presentación de solicitudes (6 de maio de 2008) e manterse ata o momento da toma de posesión como funcionario de carreira.

Non obstante, para acollerse ao informe, o requisito de estar en Servizo Activo, deberá posuírse o día 16 de abril de 2008, día de publicación das ordes de convocatoria.

REQUISITO DE FORMACIÓN PEDAGÓXICA E DIDÁCTICA

En que especialidades é necesario estar en posesión da formación pedagóxica e didáctica á que se refire o artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación?

A formación pedagóxica e didáctica é esixible nesta convocatoria nas seguintes especialidades do corpo de profesores de ensino secundario: Filosofía, Grego, Latín, Lingua Castelá e Literatura, Xeografía e Historia, Matemáticas, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía; Debuxo, Francés, Inglés, Música, Educación Física e Lingua e Literatura Galegas, e Economía.

Non é esixible en ningunha das especialidades restantes do corpo de profesores de secundaria nin en ningunha especialidade dos restantes corpos.

Que persoas están dispensadas de estar en posesión da formación pedagóxica e didáctica á que se refire o artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación?

De conformidade coa base 2.2.1 da Orde de convocatoria, están dispensados de estar en posesión do título de especialización didáctica os aspirantes:

- a) Que posúan o título de mestre.
- b) Que posúan o título de diplomado en profesorado de educación xeral básica.
- c) Que posúan o título de mestre de ensino primario.
- d) Que posúan o título de licenciado en pedagogía e en psicopedagogía
- e) Aqueles que estean en posesión da licenciatura de ciencias da actividade física e do deporte
- f) Os titulados superiores en música (especialidade, pedagogía do instrumento e especialidade de pedagogía da formación musical (básica e xeral) ou título superior de danza (especialidade de pedagogía da danza)
- g) Que acrediten ter prestada docencia previa durante dous cursos académicos completos ou durante doce meses exercidos en períodos discontinuos, en centros públicos ou privados de ensinanza regrada debidamente autorizados (obsérvase que a experiencia docente non é preciso que sexa no mesmo nivel educativo e na mesma especialidade na que se aspira a ingresar).
- h) Que posúan o certificado de aptitude pedagóxica expedido por un Instituto de Ciencias da Educación.
- i) Que posúan os títulos obtidos mediante a realización e superación das ensinanzas correspondentes a cursos de cualificación pedagóxica organizados ou autorizados, trala promulgación da Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, polo Ministerio de Educación, Cultura e Deportes e/ou polas Administracións educativas.

PRAZO DE SOLICITUDES

Cando remata o prazo de presentación de solicitudes?

Dende a data da publicación no DOG hai un prazo de 20 días naturais para presentar as solicitudes a contar dende o día seguinte á dita publicación, así pois o prazo de presentación abrangue dende o día 17 de abril ata o día 6 de maio de 2008. As solicitudes presentadas fóra de prazo non serán admitidas.

Non se admitirá tampouco o pagamento das taxas fóra do prazo. (Debe pagarse e entregar o xustificante xunto coa convocatoria dentro do prazo establecido). Lémbrese que se deben pagar taxas por cada especialidade na que se inscriba.

Pode presentarse primeiro a solicitude e facer posteriormente o pagamento das taxas fóra do prazo?

Non. É necesario presentar tanto a solicitude como o xustificante do pagamento dos dereitos dentro de prazo. Neste senso, a convocatoria establece que a non presentación do anexo dentro do prazo, ou sen que figure o selo da entidade bancaria, determinará a

exclusión do aspirante. En ningún caso a presentación do anexo ou o pago por Internet, suporá substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude.

OBRIGA DE PRESENTARSE PARA O PERSOAL INTERINO E SUBSTITUTO

Están obrigado a presentarse ao procedemento selectivos?

Só están obrigados a facelo se a súa especialidade está convocada.

Os interinos e substitutos poden optar por presentarse ao concurso-oposición noutra Comunidade Autónoma?

Efectivamente poden facelo sen decaer nos seus dereitos nas correspondentes relacións de persoal. Acéptase a presentación ós procesos selectivos convocados por outra Comunidade Autónoma, se o interesado entende que lle resulta máis conveniente facelo en función do número de prazas que se convoquen ou doutras circunstancias. Tamén será válido presentarse a outras oposicións para ingreso en corpos docentes, como poderían ser convocatorias das Deputacións provinciais. Neste caso o interesado deberá entregar na Subdirección Xeral a acreditación de terse presentado a outro procedemento selectivo.

É preceptivo presentarse á especialidade na que se prestan servizos ou os interesados poden presentar noutra distinta?

Aínda que se convoque a especialidade na que se prestan servizos como interino/a ou substituto/a, non é obrigatorio presentarse á mesma especialidade na que está prestando servizos, é dicir, hai a obriga de presentarse ó procedemento selectivo sempre que se convoque a súa especialidade pero pode optarse por facelo en calquera especialidade, incluso aínda que sexa unha especialidade pertencente a un corpo distinto a aquel no que prestan servizos.

Se alguén non puidese, por calquera circunstancia razoable, presentarse ó procedemento selectivo, deberá achega-la correspondente xustificación á Secretaría Xeral desta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

ACTO DE PRESENTACIÓN E COMEZO DAS PROBAS

Cando está previsto que comecen as probas?

As probas, segundo establece a convocatoria, darán comezo a partir do 20 de xuño de 2008 (agás as probas de acreditación de coñecemento do castelán e de lingua galega, que poderán realizarse con anterioridade). A data, hora e lugar do acto de presentación, as probas de coñecemento do castelán e da lingua galega, así como da primeira parte da proba, serán publicadas mediante unha Resolución no DOG.

Se se está exento de realizar a proba de coñecementos de lingua galega ¿é necesario asistir ó acto de presentación?

O acto de presentación é obrigatorio e de carácter persoal, polo que hai que asistir ao mesmo aínda no suposto de que se estea exento de realizar a proba de coñecementos de lingua galega ou de ser o caso, de castelán. A non asistencia ao acto de presentación coa entrega da programación didáctica implica a exclusión do proceso selectivo. E o participante terá, salvo causa debidamente xustificada a cualificación de Non presentado”

ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DE LINGUA GALEGA

Cando se está exento de realizar a proba de acreditación de coñecemento de lingua galega?

Estarase exento cando se acredite o coñecemento da lingua galega coa presentación do certificado de coñecemento da lingua galega (celga 4), ou da súa validación, do curso de perfeccionamento en lingua galega ou súa validación, feita polo órgano competente, o título de licenciado en filloxía galego-portuguesa ou o certificado de ter o curso de especialización en lingua galega.

Como novidade neste procedemento selectivo tamén estarán exentos de acreditar o coñecemento de lingua galega quen o estivera na convocatoria do ano 2007 realizada pola Consellería de Educación e O.U. así como quen superara a proba específica de galego na dita convocatoria.

Os aspirantes que aleguen estar exentos de realizar a proba de coñecemento de lingua galega, presentarán o correspondente documento xustificativo debidamente cotexado, agás aqueles que xa consten como exentos na aplicación informática de xestión do concurso-oposición por telo estado na convocatoria do ano 2007 realizada pola Consellería de Educación e O.U. ou por ter superado a proba específica de galego na dita convocatoria.

Tampouco terán que acreditar o coñecemento da lingua galega, agás os que se presenten á especialidade de lingua galega do corpo de profesores de ensino secundario e os que se presenten a especialidade de galego do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas.

PROBA

EXISTENCIA DUNHA ÚNICA PROBA NA FASE DE OPOSICIÓN

A fase de oposición constará dunha única proba estruturada en dúas partes que non teñen carácter eliminatorio. Como consecuencia disto:

- O tribunal soamente fará pública a nota final e global da proba
- Os que non realicen un dos exercicios, a cualificación será a de Non Presentado.

Como se estrutura a proba da fase de oposición?

A proba estará estruturada en dúas partes que como se dixo xa non teñen carácter eliminatorio. Queda estruturada do seguinte xeito:

Parte A: desenvolvemento por escrito dun tema elixido polo aspirante de entre o número de temas extraídos ó chou polo tribunal, dependendo do número de temas do temario, no caso do corpo de mestres será dun tema, de entre tres extraídos ao chou polo tribunal.

Parte B: Consta, á súa vez, das seguintes partes:

- **B.1** Presentación ante o tribunal dunha programación didáctica e defensa da mesma (nun tempo máximo de 20 minutos). Esta defensa farase por cada aspirante cando sexan convocados para os efectos polo tribunal.
- **B.2** Preparación e exposición oral dunha unidade didáctica extraída da programación. Esta parte B.2 pode ser substituída por un **informe** cando se cumpran os requisitos establecidos na Orde de convocatoria.
- **B.3** Exercicio de carácter práctico só para algunhas especialidades .

É obrigatorio presentarse a todas as partes da proba?

Si. Para obter unha puntuación na proba é necesario presentarse ás dúas partes da mesma, así como a cada un dos exercicios que compoñen a segunda parte, coa excepción daquelas persoas que soliciten a substitución da parte B.2 polo informe que se entende que asisten á parte B2 coa entrega da unidade didáctica dirixida á comisión de elaboración de informes provincial que corresponda.

En que idioma deben entregar e defender a programación didáctica?

A programación didáctica deberá entregarse e ser defendida en galego agás nas especialidades de linguas modernas que deberán facerse na propia lingua.

Nas especialidades de idiomas modernos, nos corpos de profesores de ensino secundario e profesores de escolas oficiais de idiomas, e na especialidade de “lingua castelá e literatura” do corpo de profesores de ensino secundario, e “español para estranxeiros” do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, a programación redactarase integramente no idioma correspondente.

Nas restantes especialidades a programación redactarase en lingua galega.

Esta parte da proba deberá realizarse exclusivamente en lingua galega, agás nas especialidades de idiomas modernos, lingua castelá e literatura e español para estranxeiros, que se desenvolverán no idioma correspondente.

No caso dos idiomas modernos ¿as probas deben deservolverse no idioma correspondente?

Si. A Orde de convocatoria determina que “as probas correspondentes ás especialidades de idiomas modernos desenvolveranse no idioma correspondente”.

En que consiste o informe que pode solicitarse para non ter que facer a parte B.2 da proba (exposición ante o tribunal da unidade didáctica)?

O informe valorará os coñecementos dos aspirantes acerca da unidade didáctica que teñen que presentar directamente na Delegación provincial na que presten servizos nun **prazo de 30 días naturais desde o día seguinte á publicación da convocatoria no DOG**, debendo empregar para iso o Anexo que se obterá na aplicación informática.

Sobre que se pode presentar a unidade didáctica cando a persoa opte polo informe substitutivo da parte B.2 da proba?

- a) **No caso de que o opositor/a se presente á mesma especialidade que está impartindo**, a unidade didáctica deberá ser unha das que se impartan no centro, aínda que o interesado/a non a imparta persoalmente.
- b) **No caso de que o opositor/a se presente a unha especialidade distinta da que está impartindo** poderá optar por unha unidade didáctica impartida no centro ou unha unidade didáctica da especialidade á que se presenta.

Quen pode solicitar o devandito informe?

Pode solicitar o informe todo o profesorado interino (ou substituto) que reúna as seguintes características:

- o Estar na situación de servizo activo como persoal interino ou substituto **o día de publicación da orde da convocatoria**, é dicir o **16 de abril de 2008**.

Considerarase que reúne tamén o requisito anterior o profesorado seguinte:

- O profesorado que se atope nunha situación que dá lugar á concesión de servizos especiais sempre que lle corresponda un nomeamento de interino para todo o ano 2007-2008.
- O profesorado que estea nunha situación que dá lugar á concesión de excedencia voluntaria por coidado de fillo ou de familiares a cargo, sempre que lle corresponda un nomeamento de interino para todo o ano 2007-2008
- O profesorado que estea en situación de liberado sindical
- o Ocupar unha praza con **nomeamento de interino/a ou substituto/a feito pola Consellería de Educación** para todo o curso académico 2007-2008. Para estes efectos considérase que cumpre o requisito quen prestou **servizos durante seis meses neste curso computados á data de finalización do prazo** de presentación da solicitude para participar no presente procedemento selectivo. Estes seis meses non teñen que ser ininterrompidos.
- o

Para poder acollerse ao informe, ¿valen os servizos en calquera tipo de centro?

Non. Os servizos deben ser prestados en **centros públicos dependentes das administracións educativas** nalgún dos corpos regulados na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. Polo tanto non teñen dereito a obter o devandito informe:

- o O profesorado que estea prestando servizos en centros privados
- o O profesorado que estea prestando servizos en centros das Deputacións provinciais
- o O profesorado de Relixión (por ser persoal laboral e non interino)

O profesorado que está prestando servizos noutras Comunidades Autónomas, ¿poden acollerse ó informe nas mesmas condicións co profesorado que está prestando servizos en Galicia? ¿Como deben facer?

Si. O profesorado que reúna os requisitos establecidos nas Ordes de convocatoria poderá solicitar o informe substitutivo da fase B2.

Neste caso presentaría a unidade didáctica dirixida á Comisión provincial de elaboración de informes da Delegación Provincial de da Consellería de Educación de A Coruña elabore o informe correspondente.

Que sucede se alguén alega que se acolle ao informe e logo non presenta a unidade didáctica ou o programa de intervención no prazo?

Nese caso deberá realizar a parte B2 da proba.

A programación didáctica, ¿deberá referirse a unha etapa educativa ou a un curso académico?

A un curso académico. O curso concreto será elixido polo candidato de entre os que se imparten segundo a lexislación vixente.

Fará referencia ao currículo dunha disciplina común, específica ou de modalidade, ou optativa, módulo ou ensinanza, relacionado coa especialidade pola que se participa. As características da programación recóllense na Orde de convocatoria.

Ante as reiteradas consultas sobre a **programación didáctica para acceso ó corpo de profesores de música e artes escénicas**, faise a seguinte aclaración: Para acceso ó corpo de profesores de música e artes escénicas a programación didáctica fará referencia ó currículo dun curso relacionado coa especialidade pola que se participa, na cal deberán especificarse, como mínimo, os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e metodoloxía, así como á atención ó alumnado con necesidades educativas específicas.

Sobre as programacións didácticas pode consultarse o artigo 96 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánicos dos institutos de educación secundaria.

Sobre que currículos deberán versar as programacións didácticas?

Os currículos sobre os que versan as programacións didácticas son aqueles relacionadas nas ordes de convocatoria nos anexos X e XI respectivamente.

As programacións referidas aos **cursos non extinguidos no actual curso académico 2007-2008**, poderán versar sobre os currículos publicados no DOG correspondente ás ensinanzas reguladas na LOE ou os currículos correspondentes ás ensinanzas reguladas na LOXE.

TEMARIOS

Hai modificación dos temarios respecto das convocatorias anteriores?

Non, continúan sendo os mesmos que o ano pasado, agás na especialidade de primaria que son novos. Poden consultarse na propia convocatoria así como tamén no apartado de lexislación da Subdirección Xeral de Persoal e tamén na entrada correspondente a Oposicións.

FASE DE PRÁCTICAS

Se se supera o procedemento selectivo e se prestou servizos con anterioridade como profesor/a interino/a ¿estase exento da fase de prácticas?

Non.- Segundo se establece nas bases das Convocatorias, para estar exento da fase de prácticas é preciso acreditar ter prestado servizos, polo menos durante un curso escolar, como funcionario/a de carreira.

AVISO IMPORTANTE PARA O CORPO DE MESTRES

SEGUNDA PARTE DA PROBA PARA O CORPO DE MESTRES

ESPECIALIDADES: Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe

Segunda parte da proba da fase de oposición:

A Orde do 9 de abril de 2008 (DOG do 16 de abril), pola que se convoca procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres (...), contempla que a segunda parte da proba da fase de oposición para as persoas candidatas das especialidades de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe, consistirá na presentación dun plan de apoio para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e na elaboración e exposición dun programa de intervención.

A.- pautas para a elaboración do plan de apoio ou plan anual de actuación.

O plan de apoio ao plan anual de actuación para o alumnado con necesidades educativas de apoio específico elaborárase para un curso académico. Este plan estará contextualizado para un centro educativo, elixido pola persoa candidata, no que se impartan algunhas das seguintes etapas educativas: educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria. O seu contido referirase á atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, altas capacidades e alumnado de integración tardía.

O plan deberá basearse na normativa vixente e a súa estrutura deberá ter en conta como mínimo os seguintes aspectos:

- Unha breve introdución na que se recolla a atención á diversidade dentro do marco da LOE e da lexislación vixente
- Un estudo das características significativas do contexto escolar, no que se inclúa a reflexión sobre os documentos xa existentes (PEC, PCC, PAT, PAD, PO...)
- Necesidades do alumnado, do centro e do contexto.
- Introdución secuencial de seis programas de intervención, tendo en conta que cada un deles deberá atender a: obxectivos, contidos, actividades, estratexias metodolóxicas, recursos (materiais, humanos, organizativos), temporalización, avaliación e propostas.

En cada un destes programas deberán quedar claramente reflectidas as actuacións propias do profesor de apoio no desenvolvemento do seu labor e a implicación e colaboración da comunidade educativa, así como doutros servizos e recursos internos ou externos ao centro educativo.

IMPORTANTE

CORPO DE PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO
DISCIPLINA: *PSICOLOXÍA E PEDAGOXÍA*

SEGUNDA PARTE DA PROBA (PLAN DE APOIO)

A Orde do 9 de abril de 2008 (DOG do 16), pola que se convoca procedemento selectivo para ingreso no corpo de profesores de ensino secundario..., contempla que a segunda parte da fase de oposición para as persoas candidatas para a especialidade de psicología e pedagogía, consistirá na presentación dun plan de apoio que deberá basearse na normativa vixente e nas necesidades do centro e do contexto, e establecer obxectivos, contidos, actividades, estratexias metodolóxicas, recursos materiais, humanos e organizativos, temporalización das accións, avaliación e propostas de mellora continua da calidade.

Pautas para a elaboración do plan de apoio ou plan anual de actuación

O plan de apoio ou plan anual de actuación estará contextualizado para un centro educativo, elixido pola persoa candidata.

O plan deberá basearse no seguinte:

- Introdución secuencial de seis programas de intervención nos diferentes ámbitos de traballo. En cada un destes programas deberá quedar claramente reflectido as actuacións propias do orientador/a no desenvolvemento do seu labor e a implicación da comunidade educativa, así como doutros servizos e recursos internos ou externos ao centro educativo.
- Unha breve introdución na que se recolla a atención á diversidade dentro do marco da LOE e da lexislación vixente.

- Un estudo das características significativas do contexto escolar, no que se inclúa a reflexión sobre os documentos xa existentes.